

## **NORMATIVA DA FACULTADE DE FILOSOFÍA PARA A XESTIÓN DA CESIÓN TEMPORAL DOS ESPAZOS DO CENTRO PARA A CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAACADÉMICAS OU ALLEAS A FACULTADE**

(Aprobada en Xunta de Facultade o 24 de outubro de 2017 e modificada en Xunta de Facultade do 31 de outubro de 2019)

A normativa para a xestión da cesión temporal de uso dos espazos para a celebración de actividades extraacadémicas na USC, aprobada polo Consello de Goberno do 21 de decembro de 2009, estipula as condicións de uso dos espazos para este tipo de actividades. Esta normativa deixa unha considerable marxe de acción aos centros para o cargo e xestión dos ingresos derivados do mencionado aluguer dos espazos para actividades alleas ou complementarias aos seus fins académicos ou investigadores.

Ante a considerable demanda dos espazos da Facultade de Filosofía, tales como, o Salón de Actos, a Sala Hipatia, as aulas e seminarios con todas as implementacións informáticas, etc., propónse o seguinte réxime de uso e tarifas que adapta, á vez que suplementa, a normativa xeral de Xerencia da USC para estes efectos.

### **CRITERIOS**

**Primeiro.-** Con respecto a entidades alleas a USC, tales como empresas, partidos políticos e organizacións subvencionadas ou con ingresos específicos para a realización da acción para a que solicitan espazos, a Facultade aplicará as tarifas segundo o establecido na normativa aprobada polo Consello de Goberno do 21 de decembro de 2009 e nos orzamentos anuais da USC.

**Segundo.-** Á solicitude de cesión de espazos por parte da comunidade universitaria da USC terase en conta sempre que as accións que se vaian levar a cabo estean vinculadas coa propia universidade e a dispoñibilidade dos espazos o permita. Nestes casos, a Facultade aplicará as tarifas que correspondan segundo o establecido nos orzamentos anuais da USC, tanto para actividades que xeren ingresos como que non.

Se a solicitude de utilización de espazos por parte da comunidade universitaria da USC non está relacionada con actividades vinculadas á propia universidade, o Decano asesorado, se así o estima oportuno, pola Comisión Permanente do Centro, resolverá sobre a concesión ou non da cesión dos espazos solicitados, atendendo a criterios de ocupación e oportunidade. As tarifas que se deberán aplicar nestes casos serán as establecidas nos orzamentos anuais da USC, tanto para actividades que xeren ingresos como que non.

**Terceiro.-** Poderán estar exentas de cargo, se a Comisión Permanente do Centro así o decide, aquelas actividades de valor social e promovidas sen ánimo de lucro que representen os

valores de sustentabilidade, educación para a paz, igualdade de xénero, cidadanía, solidariedade, e outros que se relacionen co ideario do noso Centro.

**Cuarto.-** Tamén estarán exentas de cargo aquelas actividades extraacadémicas que, aínda que xeren ingresos, sexan promovidas ou coordinadas por algún membro do Centro, sempre que estean relacionadas co ámbito da Filosofía.

**Quinto.-** Será o decano da Facultade de Filosofía o órgano encargado da xestión ordinaria e da concesión dos espazos, sempre que a solicitude se axuste ao estipulado nos puntos anteriores. En aqueles casos onde a petición non se axuste ao recollido nos apartados precedentes será a Comisión Permanente do Centro a que valore as condicións especiais que concorran en cada caso para os efectos de aplicar a presente normativa e á da USC, de xeito axustado e xustificado.

**Sexto.-** Non se tramitarán solicitudes de reserva de espazos que non sexan presentadas cunha antelación mínima, con respecto a data de inicio da actividade, de 15 días naturais, para entidades ou persoas alleas á USC, e de 7 días naturais, para actividades promovidas pola comunidade universitaria da USC.

**Sétimo.-** Todas as solicitudes de reserva dos espazos da Facultade de Filosofía deberán tramitarse por correo electrónico e utilizando o formulario colgado na web do Centro no apartado “reserva de espazos”.

**Oitavo.-** O uso das instalacións estará sometido a autorización previa, polo que o espazo solicitado non poderá considerarse concedido ata que o responsable da actividade reciba un correo electrónico de confirmación e, de ser o caso, de aplicación das tarifas, por parte do Decanato da Facultade de Filosofía. A comunicación de confirmación ou de non concesión dirixirase ao enderezo electrónico que figure no formulario de solicitude de reserva de espazos colgado na páxina web da Facultade, no apartado de “entidade/persoa organizadora da actividade”

**Noveno.-** A cesión temporal de uso de espazos da Facultade de Filosofía fai responsable ao organizador da actividade do mantemento das instalacións cedidas, do seu uso para a finalidade acordada, así como do cumprimento do cumprimento da normativa de xestións de espazos da USC.

**Décimo.-** A presente normativa entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018.